



VIII REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO

FASE DE ZONA

25 ABRIL 2008

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

Problema 1


O xastre da Rúa de Larín

O xastre da Rúa de Larín ten unha regra de madeira moi gastadiña por tantos anos de uso.

É unha vella regra de 33 cm de longo á que non lle quedan máis ca 8 marcas. A primeira está a un centímetro do lado esquerdo, e as demais están a 4, 5, 14, 16, 23, 25 e 31 cm do mesmo lado.

Malia todo o tío Pancho, que así se chama o xastre, é capaz de facer todas as medidas desde un centímetro ata os 33 que mide toda a regra. Por exemplo, os 9 cm mídeos entre as marcas de 5 e 14 cm.

¿Como poderá realizar calquera medida desde 1 cm ata 33 cm?



VIII REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
25 ABRIL 2008

(Coloca aquí unha
etiqueta identificativa)

Problema 2

O bo viño do Ribeiro

Santiago ten unhas viñas en Francelos, na comarca ourensán do Ribeiro. Un día tróuxolles a dous amigos seus, Antonio e Manuel, unha garrafa de 8 litros de viño para que a repartiran entre eles, a partes iguais, claro.

O problema presentóuselles cando se deron conta de que para facer o reparto non tiñan máis que dúas xerras de 5 litros e 3 litros.

Ao final foi Santiago o que, ademais de darlles o viño, tivo que dicirlles como tiñan que facer para repartilo. ¿Como fixo? ¿Saberíades explicalo?




VIII REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
25 ABRIL 2008

(Coloca aquí unha etiqueta
identificativa)

Problema 3

O teorema de Pitágoras

Utilizando a folla que se xunta, recortade as pezas numeradas da figura 1 e pegade esas cinco pezas de maneira que encaixen perfectamente no cadrado que se representa na figura 2.





VIII REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO

FASE DE ZONA

25 ABRIL 2008

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)




Figura 1



.....

Nome do equipo:




Figura 2


VIII REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
25 ABRIL 2008

(Coloca aquí unha etiqueta
identificativa)

Problema 4

Un cadrado dentro doutro cadrado

No cadrado do debuxo os puntos A , B , C e D son os puntos medios de cada lado. Se o lado do cadrado grande medise 10 cm, ¿canto mediría a superficie do cadrado pequeno?



VIII REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
25 ABRIL 2008

(Coloca aquí unha
etiqueta identificativa)

Problema 5

Mantente en forma



Sabedes que é moi aconsellable facer algo de exercicio para manterse en forma. Iso é o que fai un "rapaz" de sesenta e un anos, que ten por costume ir ao ximnasio e que na "cinta", andando de presa porque correr xa non pode moito, fai un percorrido de 3 125 m en 25 min e queima 225 calorías.

- ¿Cal é o percorrido, expresado en quilómetros, que faría nunha hora se mantén a mesma velocidade?
- ¿Cantas calorías queimaría andando ao mesmo ritmo durante unha hora?

VIII REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
25 ABRIL 2008

(Coloca aquí unha etiqueta
identificativa)

Problema 6

Por unha seguridade vial mellor

**Condutores e peóns deben cambiar a súa
actitude para evitar os accidentes.**



Lede con atención cada unha das informacións que aparecen a continuación, pois teredes que relacionalas cos gráficos da páxina seguinte:

- Os nenos que viaxan en automóbil atados de forma axeitada teñen un 65 % menos de probabilidades de padecer lesións graves en caso de accidente.
- En Galicia, o 80% dos atropelos de peóns ocorren nas estradas de A Coruña e Pontevedra.
- O 50% dos atropelos de peóns ocorren cando falta luz natural.
- A cifra de peóns atropelados e moteiros accidentados na rede viaria galega no 2007 disparouse un 40% respecto ao 2006.
- Tráfico atallou a alta siniestrabilidade entre os condutores de turismos e camións en Galicia, logrando o ano pasado un 10% menos de vítimas.
- O 60% dos accidentes rexistrados en Galicia ocorreron en vías secundarias.
- O 30% dos accidentes debéronse a algunha distracción do condutor.
- O 20% dos accidentes debéronse a unha manobra antirreglamentaria.
- O 90% dos atropelos nas cidades prodúcense en lugares onde non hai paso de peóns.
- No ano 2007 rexistráronse un 7% máis de accidentes de motocicletas que no 2006.



A parte sombreada de cada un dos seguintes gráficos correspóndese cunha das porcentaxes que figuran en cada un dos apartados anteriores. Indicade no rectángulo que está debaixo a letra do apartado correspondente á porcentaxe representada nel:

